ANESTESIOLOXÍA, REANIMACIÓN E TRATAMIENTO DA DOR

UNIDADE DE REANIMACIÓN-ESPERTAR

A Unidade de Reanimación-Espertar, situada actualmente na planta segunda do Edificio do Bloque Técnico do **Hospital Lucus Augusti**, encárgase de acoller aos pacientes intervidos cirúrxicamente.

Aqueles pacientes que requiran uns **coidados postoperatorios** máis intensos, ben pola súa gravidade ou ben por ser sometidos a intervencións máis graves, son **derivados á Unidade de Reanimación**. Esta unidade na actualidade está dotada con 13 camas, dúas das cales corresponden a boxes para pacientes que precisen illamento.

Os pacientes con intervencións menos graves ou cuxa situación clínica o permita alóxanse no postoperatorio inmediato na Sala de Espertar, onde estarán ata que poidan ser trasladados a planta de hospitalización. A sala de espertar actualmente dispón 26 boxes ou cubículos de atención e está situada a continuación da unidade de Reanimación no mesmo bloque técnico próxima á área cirúrxica.

Teléfonos Unidade de Reanimación:

Externo: 982296541

Interno: 536541 Reanimación, 536551 Sala de Espertar

Horario de Visitas:

Tarde: 15:30 - 16 horas

Noite: 21:30 - 22 horas

Información Médica Diaria: de 10-12 horas.

UNIDADE CMA

A unidade de C.M.A. ou cirurxía maior ambulatoria inicia a súa andaina coa apertura do Hospital Lucus Augusti. Reemplaza e actualiza a Unidade de Cirurxía de curta estancia anteriormente situada no edificio do Antigo Hospital Provincial ou de San José.

O seu obxectivo é mellorar a atención sanitaria, permitindo que pacientes que polas súas condicións clínicas non precisan ser intervidos cirurxicamente con hospitalización, retornen ao seu domicilio unha vez realizado o procedemento cirúrxico.

Esta unidade está coordinada desde o Servizo de Anestesiología-Reanimación.

No momento presente os servizos cirúrxicos que prestan a súa carteira de servizo na unidade son: **Oftalmoloxía, Cirurxía Plástica, Cirurxía Xeral, Traumatología e Ortopedia, Otorrinolaringología, Cirurxía Vascular, Urología, Ginecología, Unidade da Dor e Dermatoloxía.**

UNIDADE DA DOR

A Unidade de Dor é unha **consulta especializada no tratamento de procesos dolorosos** cuxa complexidade require de tratamentos e técnicas especializados.

Serve de apoio ao resto de especialidades hospitalarias así como a médicos de atención primaria. Estes facultativos deciden os pacientes subsidiarios de acudir a esta consulta especializada, solicitando a mesma mediante unha folla de interconsulta.

Á súa vez a **Unidade de Dor encárgase da supervisión e control do tratamento da Dor Aguda Postoperatorio** dos pacientes con intervencións cirúrxicas do noso hospital.

CONSULTA DE PREANESTESIA

A **Consulta de Preanestesia** ten tres **obxectivos** fundamentais:

1. **Valorar Risco Anestésico-Cirúrxico paciente.**
2. **Informar e Acordar o Acto Anestésico entre o anestesiólogo e o paciente.**
3. **Obter o Consentimento Informado.**

Para iso o médico anestesiólogo terá unha conversación co paciente onde avaliará a súa Historia Clínica, realizará unha Exploración Física, anotará os Tratamentos Farmacolóxicos aos que estée sometido, avaliará as Probas Preoperatorias e decidirá a realización doutras específicas se o estima oportuno.

ANALXESIA EPIDURAL-OBSTÉTRICA

A Analgesia Epidural Obstetrica permite diminuír o disconfort da nai durante o proceso de dilatación e o período expulsivo do parto. O médico encargado de realizar a técnica é un médico anestesiólogo, quen acordará a indicación co médico obstetra e a matrona.

Aquelas mulleres que ao finalizar o seu embarazo desexen a Analgesia Epidural deberán ser avaliadas na Consulta de Preanestesia no **terceiro trimestre da súa xestación**, onde se lles explicasen os riscos e beneficios da técnica por un médico anestesiólogo.

Ordenar

Sen agrupar 6

Buscar nesta sección...

Docencia en Anestesioloxía e Reanimación

Clasificación

Categorías:

- Servizos asistenciais